

## FACENDA EMBISTE CON IRA CONTRA DA AGRUPACIÓN PROFESIONAL DE SUBALTERNOS.

Pretende implantar mediante lei a figura do PSX reconvertendo ao persoal subalterno en “chic@ para todo”.

### LA CABAÑA DEL TÍO VALERIANO



A figura do PSX (Persoal de Servizos Xerais), limitada ata agora aos servizos de atención primaria do SERGAS e a algúns entes instrumentais como o Consorcio de I+B, foi sempre criticada por CSI•F por implicar unha desvalorización e unha desprofesionalización do emprego público. Unha figura da que CSI•F manifestouse sempre en contra e pediu a súa “abolición”.

Esta figura, que supón unha **perversión do dereito laboral**, foi implantada no seu día no

ámbito do Sergas co obxectivo de dispoñer de empregados “multifuncións” con baixo custo salarial, **sendo o pai da criatura o que no seu momento era Director Xeral de Recursos Humanos do Sergas e hoxe é o Conselleiro de Facenda.**

Pois ben, no proxecto de Lei de Medidas para o ano 2017, remitido xa pola Consellería de Facenda o Parlamento de Galicia sen previa negociación e nin sequera información ás OO.SS. implántase a creación da *Escala de Persoal de Servizos Xerais (PSX)* en todo o ámbito da Xunta de Galicia.

O obxectivo perseguido por Facenda é a **extinción tanto da Agrupación Profesional de Subalternos como do Corpo de Auxiliares Administrativos** creando a figura funcional do “dous por un” pero dotando a este novo corpo de máis funcións das que viñan realizando por separado.

Así, mentres o resto das AA.PP tenden a especialización, profesionalización e, sobre todo, a dignificación dos seus empregados públicos, **Facenda pretende regresar ao tempos da explotación laboral e do traballo escravo.**

Así, os novos funcionarios PSX da Xunta de Galicia veranse abocados nas súas tarefas diarias a intercalar as **funcións de administración coas de lavandería, limpeza, pinche de cocina, fontaneiro ou pintor** e, con toda probabilidade, nunha xornada partida de mañá e tarde. E todo elo por un soldo que en absoluto vai a compensar todo o conglomerado de funcións que se lle van a impoñer.

Funcións SUBALTERNOS Agrup. Profesional	Funcións AUX. ADMINISTRATIVOS C2	Funcións PSX C2
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ordinarias de vixilancia</li> <li>- Custodia e reparto de correspondencia e documentación</li> <li>- Transporte manual</li> <li>- Central telefónica</li> <li>- Reprografía e outras semellantes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tarefas ofimáticas e de despacho de correspondencia</li> <li>- Transcrición e tramitación de documentos</li> <li>- Arquivo</li> <li>- Clasificación e rexistro</li> <li>- Ficheiros</li> <li>- Atención ao público</li> <li>- Manexo de máquinas reprodutoras</li> <li>- traslado de documentos ou similares</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Administrativas e de apoio á xestión</li> <li>- Atención e información aos usuarios</li> <li>- Apertura e peche dos centros ou unidades</li> <li>- Funcións de mantemento e apoio ás funcións xerais</li> <li>- Limpeza, lavandería, mantemento e apoio ás funcións xerais</li> <li>- Apoio en cociña e comedor segundo o centro e o tipo de servizo</li> <li>- Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores</li> </ul>

Unha vez sexa aprobada polo Parlamento a modificación da Lei de emprego público, as consecuencias serán as seguintes:

#### **Extinción dos corpos de Subalterno e de Auxiliar Administrativo:**

- A Xunta deixará de convocar procesos selectivos para persoal subalterno e corpo auxiliar administrativo. Convocará exclusivamente para a escala de PSX. Isto implicará a extinción de ámbolos dous corpos.

#### **Promoción interna do corpo de subalternos a PSX:**

- A promoción interna do actual persoal subalterno xa non será ao corpo de auxiliares administrativos para realizar funcións exclusivamente administrativas, promocionará para facer de pintor, pinche de cocina, fontaneiro e limpador.

É dicir, a Consellería de Facenda, lonxe de procurar a profesionalización e especialización do emprego público busca o empeoramento das súas condicións de traballo, cargando sempre contra os colectivos máis desfavorecidos e denigrando a súa condición de empregado público.

*“Vós, os políticos, tendes unha forma de darlle a volta a unha cousa sinxela e non o creedes nin vós mesmos á hora de poñelo en práctica”. (Harriet Beecher Stowe, **La Cabaña del Tío Tom**)*

# DEFENDENDO O PÚBLICO

Central Sindical Independente e de Funcionarios  
Rúa do Valiño, núm. 65, Baixo 15707 - Santiago de Compostela  
981 560 951 981 575 140 galicia@csi-f.es



<http://heraldtoupeiras.es/>  
<https://www.facebook.com/herald.toupeiras>  
<https://twitter.com/HeraldToupeiras>